



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. APROL CONCELLOS 2024.

EXPEDIENTE: 2024/G003/000159 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2024/A008/000011 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2024/E001/000003 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante o decreto de alcaldía 134/2024, de 27 de Maio de 2024, aprobouse a lista de admitidos e excluídos en relación coa convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 2 peóns forestais para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”.

Visto que a aprobación da lista de admitidos e excluídos foi publicada na páxina web, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia deste concello.

Visto que os aspirantes excluídos dispoñían dun prazo de dous días hábiles e visto que non presentaron documentación para a subsanación.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Admitir definitivamente ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 2 peóns forestais para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.



ADMITIDOS:

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202400000000422	32****53 D	Bugallo Tomé, José Luis
202400000000423	33****66 N	Vazquez Astray, Juan
202400000000424	76****45 P	Lamas Castro, Manuel
202300000000430	78****95 R	Carreira León, Carmen

SEGUNDO.- Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: Alberto Labandeira Fontecoba, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: José Manuel Boado Sánchez, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Secretaria: María Trinidad Veiras Freire, Técnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar

Suplente: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar Administrativo do Concello de Vilasantar.

Vogal: Salvador García Quintela, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: David Novo Mato, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Vogal: Sofia Dono García, traballadora social do Concello de Vilasantar.

Suplente: Aida Bello Mirás, Axente TIC do Concello de Vilasantar

Vogal: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Suplente: Elisabeth Rodriguez López, Técnico en Animación de Actividades deportivas do Concello de Vilasantar.

TERCEIRO.- Convocar ós candidatos admitidos o día 30/05/2024 ás 10.00 horas para a realización do proceso selectivo.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

QUINTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Minia Astray Barca, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.